

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

ORDE do 10 de setembro de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para o desenvolvemento de accións formativas e de transferencia tecnolóxica por entidades asociativas vinculadas ao sector agrario, cofinanciada co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2007-2013, e se convocan para o ano 2014.



PROXECTO COFINANCIADO
POLA UNIÓN EUROPEA
FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER)
"Unha maneira de facer Europa"

A Consellería do Medio Rural e do Mar publicou o 30 de setembro a Orde do 20 de setembro de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para o desenvolvemento de accións formativas e de transferencia tecnolóxica por entidades asociativas vinculadas ao sector agrario. Estas axudas convocáronse amparadas no Regulamento (CE) nº 1698/2005 relativo ás axudas ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) e enmárcanse dentro do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2007-2013, eixe 1, co código 111.

Así mesmo, procede aprobar as bases reguladoras e realizar a convocatoria correspondente ao exercicio orzamentario 2014.

En virtude do exposto, de conformidade co artigo 30.1º.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, e no uso das facultades que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, pola Lei 12/1989, do 4 de outubro, e pola Lei 7/2002, do 27 de decembro,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto*

Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras e efectuar a convocatoria para 2014 de subvencións destinadas a financiar accións formativas e de transferencia tecnolóxica realizadas por entidades asociativas do sector agroforestal da Comunidade Autónoma de Galicia, en réxime de concorrencia competitiva, e dirixidas ás persoas asociadas, aos directivos e ao persoal das ditas entidades.



Artigo 2. *Beneficiarios*

Poderán ser beneficiarias das subvencións previstas nesta orde as sociedades cooperativas agrarias, as sociedades agrarias de transformación, as asociacións de cooperativas e as de produtores, os consellos reguladores de produtos de calidade diferenciada, as asociacións profesionais do ámbito agrario, alimentario ou ligadas ao desenvolvemento rural e as organizacións de produtores agrarios radicadas na Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 3. *Actividades subvencionables*

1. As actividades subvencionables ao abeiro desta orde consistirán en cursos de formación e actualización profesional cuxa temática non sexa coincidente coa programación formativa da Consellería do Medio Rural e do Mar no mesmo ámbito territorial e actividades de transferencia de tecnoloxía.

2. Os cursos de formación e actualización profesional terán unha duración mínima de 20 horas lectivas e o número de alumnos non poderá ser inferior a 15 asistentes nin superior a 30. Poderán comprender unha viaxe didáctica relacionada co seu obxecto.

3. As actividades de transferencia de tecnoloxía poderán consistir en xornadas técnicas, seminarios ou demostracións. Terán unha duración non inferior a seis horas, un número mínimo de 15 asistentes e estarán relacionadas coas actividades que se desenvolven nos centros de investigación e experimentación da Consellería do Medio Rural e do Mar.

4. A temática das actividades subvencionables versará sobre as seguintes materias:

- a) Xestión empresarial e comercial.
- b) Uso das tecnoloxías de información e comunicación.
- c) Novas alternativas produtivas e certificacións de calidade no marco das producións de calidade diferenciada.
- d) Producción agraria sustentable, agricultura ecolóxica e produción integrada.
- e) Conservación de recursos fitoxenéticos autóctonos.
- f) Incorporación de tecnoloxías innovadoras aos procesos de produción e transformación.
- g) Fontes renovables de enerxía de uso agrario e biocarburantes.
- h) Ordenación do espazo agroforestal e mobilización de terras agrarias.
- i) Outras de carácter innovador en relación coas alíneas anteriores.



Artigo 4. *Contía das axudas*

1. A subvención total máxima por curso de formación será de 6.000 euros, que se poderá elevar ata 9.000 euros/curso no caso de que este inclúa unha viaxe didáctica.

2. Nas actividades de transferencia de tecnoloxía, a subvención máxima por acción será de 1.500 euros.

3. Estas axudas son incompatibles con calquera outra que poida ser solicitada ou concedida por outro organismo público ou privado, destinada a estas mesmas accións formativas.

4. A contía da subvención que se vai conceder, dentro das dispoñibilidades orzamentarias, poderá alcanzar o 100 % do gasto subvencionable determinado a partir do orzamento das actuacións, sen superar en ningún caso as contías máximas que se especifican nos puntos 1 e 2, nin o límite de 10.000 euros de subvención total por entidade.

Artigo 5. *Financiamento*

1. As axudas económicas reguladas nesta orde faranse efectivas con cargo á aplicación orzamentaria 12.20.422L.770.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014. A contía total máxima destinada á subvención convocada é de cento sesenta e nove mil euros (169.000,00 euros).

2. A contía indicada poderá incrementarse en función das solicitudes presentadas e sempre que teña lugar unha xeración, ampliación ou incorporación de crédito ou existan remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa, segundo as exixencias previstas no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. O aludido incremento debe publicarse no DOG e na páxina web da Consellería do Medio Rural e do Mar (www.medioruralemar.xunta.es). Este posible incremento de financiamento só se poderá realizar ata a data en que remate o prazo de presentación de solicitudes.

3. As axudas están financiadas con fondos Feader nun 75 %, con fondos propios da Xunta de Galicia nun 12,87 % e con fondos do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente nun 12,13 %.



Artigo 6. *Gastos subvencionables das actividades*

1. Serán gastos subvencionables os que a seguir se relacionan:

a) Gastos de profesorado.

b) Gastos de seguros de accidentes do alumnado e, de ser o caso, importe da póliza de responsabilidade civil para afrontar os riscos que para os bens ou persoas poidan derivar da realización das actividades formativas. Así mesmo, poderán incluírse como subvencionables os seguros que sexan necesarios para cubrir posibles continxencias derivadas das actividades didácticas do profesorado, para o suposto de que tales continxencias non estean recollidas por ningunha relación de aseguramento.

c) Gastos en medios e material didáctico, textos e materiais dun só uso para o alumnado, así como o material funxible empregado durante as actividades.

d) Gastos de enerxía eléctrica, combustible, mantemento das instalacións e equipamentos formativos.

e) Gastos de transporte e aloxamento motivados pola realización de viaxes didácticas previstas no programa do curso ou da actividade formativa.

f) Gastos derivados do pagamento de entradas, guía e intérprete no caso de que a visita didáctica orixinase ese tipo de gasto.

g) Gastos de alugamento de instalacións e de maquinaria requiridos polo desenvolvemento da actividade.

h) Gasto de publicidade da actividade.

i) O IVE no caso de que sexa real e definitivamente soportado polo beneficiario e, por tanto, non recuperable, agás no caso de que o beneficiario sexa un organismo de dereito público xa que, neste caso, non será subvencionable a través da axuda Feader.

2. Estes gastos pódense considerar subvencionables sempre e cando estean relacionados coa organización, realización e impartición das accións de formación e na parte proporcional ao tempo de impartición do curso.



3. Serán gastos subvencionables os que se executen con posterioridade á publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* e sexan xustificados no prazo sinalado para iso.

4. Os gastos non docentes de actividades formativas e os de amortización ou arrendamentos de bens e edificios destinados a estas non poden exceder o 25 por cento do importe total dos gastos subvencionables da operación. Estes gastos son os previstos nas alíneas b) a i) do número 1.

Artigo 7. *Solicitudes*

1. As entidades que, reunindo os requisitos sinalados nesta orde, desexen realizar as actividades descritas no artigo 2, deberán formalizar a correspondente solicitude no modelo normalizado que se publica como anexo I.

Os modelos de solicitude, independentemente da súa publicación como anexos a esta orde, poden atoparse na Guía de procedementos e servizos do enderezo <https://sede.xunta.es/guia-de-procedementos> e na web institucional da Consellería do Medio Rural e do Mar (www.mediatoruralemar.xunta.es), na epígrafe de axudas.

2. A solicitude será subscrita polo representante legal das entidades e xuntaráse a seguinte documentación complementaria:

- a) Fotocopia dos estatutos das entidades solicitantes.
- b) Documentación acreditativa da representatividade suficiente para asinar a solicitude.
- c) Fotocopia do NIF da entidade.
- d) Ficha de cada actividade solicitada, segundo o modelo que figura no anexo II desta orde, debidamente cuberta.
- e) Copia cotexada da póliza de seguro de responsabilidade civil referente ás dependencias onde se realizarán as actividades, se é o caso, ou, na súa falta, compromiso de subscribir unha póliza de seguro de accidentes persoais que cubra a totalidade do alumnado asistente.

Deberá incluírse, se é o caso, documentación acreditativa da relación de aseguramento do profesorado.



f) Persoal técnico responsable da acción que se vai realizar. No caso das accións formativas e de divulgación e información, cadro do profesorado ou relatores que as vaian impartir, acompañado de copia compulsada do título académico, *curriculum vitae* e relación das materias que vai impartir cada un.

g) Memoria explicativa da acción para a cal se solicita a axuda, que deberá desenvolver os seguintes contidos: antecedentes, obxectivos, beneficios da actividade, persoas a que vai dirixida, experiencia da entidade neste tipo de actividades, contidos da actividade reflectidos no programa, número de horas e número de días que dura a actividade, cronograma da actividade, orzamento desagregado, medios didácticos e humanos que se empregarán e lugar de realización da actividade.

3. Non obstante o disposto nos puntos 1 e 2 deste artigo, a presentación da seguinte documentación considerárase mínimo imprescindible para a tramitación das solicitudes:

a) O anexo I de solicitude de axuda.

b) Ficha de cada actividade solicitada, segundo o modelo que figura no anexo II desta orde, debidamente cuberta.

c) Persoal técnico responsable da acción que se vai realizar.

d) Memoria explicativa da acción para a cal se solicita a axuda.

Non serán admitidas aquelas solicitudes en que se aprecie ausencia desta información, e nestes casos emitírase resolución de inadmisión.

Artigo 8. *Presentación das solicitudes*

1. As solicitudes estarán dirixidas á Secretaría Xeral de Medio Rural e Montes e serán presentadas pola entidade solicitante, que debe cumprir o disposto no artigo 7 da presente orde, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte, e se no mes de vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

2. As solicitudes deberán presentarse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia



(<https://sede.xunta.es>), de acordo co establecido nos artigos 27 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso dos cidadáns aos servizos públicos, e 24 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes. Para a presentación das solicitudes será necesario o documento nacional de identidade electrónico ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia.

Alternativamente, tamén se poderán presentar as solicitudes en soporte papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

A documentación complementaria poderá presentarse electronicamente utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal. Neste caso, as copias dixitalizadas presentadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante ou representante. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada segundo o disposto no artigo 35.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso dos cidadáns aos servizos públicos, e 22.3 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.

A documentación complementaria tamén poderá presentarse en formato papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

As copias dos documentos gozarán da mesma validez e eficacia que os seus orixinais sempre que exista constancia de que sexan auténticas.

3. Se a documentación achegada estiver incompleta, requirirase o solicitante para que, nun prazo de dez días hábiles, que comezará a contar desde o día seguinte ao de recepción do requirimento, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, coa advertencia de que, se non o fixer, se terá por desistido da súa petición, e procederase ao arquivamento das actuacións despois da notificación da resolución en tal sentido, de acordo co establecido nos artigos 42 e 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.



Artigo 9. Información aos/ás interesados/as

1. Sobre este procedemento administrativo poderase obter información adicional na Secretaría Xeral de Medio Rural e Montes, presencialmente ou a través dos seguintes medios:

a) Na epígrafe de axudas da páxina web da Consellería do Medio Rural e do Mar: www.medioruralemar.xunta.es

b) Nos seguintes teléfonos da Secretaría Xeral de Medio Rural e Montes: 981 54 66 62 e 981 54 66 93.

2. Así mesmo, para cuestións xerais sobre este ou outros procedementos, poderá facerse uso do teléfono de información xeral da Xunta de Galicia 012 (desde Galicia) e 902 12 00 12 (desde o resto do Estado).

Artigo 10. Órgano responsable da tramitación

O órgano responsable da instrución dos expedientes das axudas establecidas nesta orde será a Secretaría Xeral de Medio Rural e Montes.

Artigo 11. Comisión de valoración

Para a análise e valoración das solicitudes constituirase unha comisión de avaliación. A dita comisión de avaliación estará presidida polo subdirectora xeral de Formación e Transferencia Tecnolóxica e dela tamén formarán parte, como secretario, un funcionario do Servizo de Formación Agroforestal e, como vogais, o xefe do Servizo de Formación Agroforestal, o xefe do Servizo de Transferencia Tecnolóxica, Estatística e Publicacións e un funcionario deste mesmo servizo. Se por calquera causa, no momento en que a comisión de avaliación teña que examinar as solicitudes, algún dos seus integrantes non puiden asistir, será substituído polo funcionario que para o efecto designe o secretario xeral de Medio Rural e Montes.

Artigo 12. Criterios obxectivos de concesión

A comisión de avaliación valorará as solicitudes de acordo cos seguintes criterios:

a) Interese dos obxectivos que se perseguen coa actividade e da súa adaptación ás prioridades temáticas establecidas no artigo 3: de 0 a 10 puntos.

b) Carácter innovador das actuacións que se van desenvolver: de 0 a 15 puntos.



c) Solvencia técnica, determinada en función da experiencia acreditada pola entidade na realización de programas formativos ou de transferencia tecnolóxica: de 0 a 15 puntos.

d) Desenvolvemento das accións en zonas de montaña ou desfavorecidas: 5 puntos.

e) Actividade dirixida fundamentalmente a mulleres: 5 puntos.

Para determinar a contía das axudas, a comisión poderá aplicar factores de redución sobre as cantidades solicitadas, en función dos gastos realmente subvencionables, da puntuación obtida na avaliación e do orzamento total dispoñible.

Artigo 13. *Resolución e notificación*

1. A resolución de concesión das axudas corresponderá ao secretario xeral de Medio Rural e Montes, por delegación da conselleira do Medio Rural e do Mar, logo da avaliación das solicitudes pola comisión. A dita avaliación conterá unha relación priorizada das solicitudes que se propoñen para ser financiados co seu correspondente orzamento, acompañada dunha relación coas solicitudes avaliadas positivamente en lista de espera e a relación de solicitudes que se consideran non financiáveis. Conforme o artigo 21.3 e 4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o informe de avaliación debe incluír o resultado da avaliación das solicitudes efectuada de conformidade cos criterios de valoración establecidos nas bases reguladoras e convocatoria.

2. A resolución deberá ser notificada aos beneficiarios de forma individualizada de acordo co previsto nos artigos 58 e 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sen prexuízo da publicación no *Diario Oficial de Galicia* das subvencións concedidas, de conformidade co establecido no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A dita notificación deberá informar os beneficiarios de que a medida se subvenciona en virtude dun programa cofinanciado polo Feader e enmárcanse dentro do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2007-2013, eixe 1, co código 111.

3. O prazo máximo para resolver as solicitudes presentadas ao abeiro da presente convocatoria será de vinte días hábiles desde o día seguinte ao do final do prazo de presentación de solicitudes. De non mediar resolución expresa no devandito prazo, as solicitudes poderán entenderse desestimadas.

4. A Secretaría Xeral de Medio Rural e Montes poderá solicitar calquera aclaración ou documento que considere necesario para a correcta tramitación do expediente.



5. Non se concederán nin se pagarán subvencións a solicitantes ou beneficiarios que non estean ao día nas obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria e coa Seguridade Social, ou que teñan débedas pendentes de pagamento coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Para eses efectos, a presentación da solicitude de axuda implica a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións acreditativas correspondentes da Axencia Estatal da Administración Tributaria, Tesouraría Xeral da Seguridade Social e Consellería de Facenda. Cando o solicitante denegue expresamente o seu consentimento, deberá presentar a certificación nos termos previstos no artigo 20.3 da Lei de subvencións.

6. De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da axuda consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como as sancións impostas, de ser o caso.

7. No prazo máximo de tres meses contados desde a data de resolución da concesión publicarase no *Diario Oficial de Galicia* a relación das subvencións concedidas con indicación da norma reguladora, beneficiario, crédito orzamentario, contía e finalidade da subvención. Non obstante o anterior, cando os importes das subvencións concedidas, individualmente consideradas, sexan de contía inferior a 3.000 euros, non será necesaria a publicación no *Diario Oficial de Galicia*, que será substituída pola publicación das subvencións concedidas na páxina web da Consellería do Medio Rural e do Mar.

Artigo 14. *Recursos contra a resolución*

1. A convocatoria desta axuda, as súas bases e todos cantos actos administrativos derivan dela poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecida na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

2. As resolucións expresas ou presuntas ditadas en aplicación desta orde esgotan a vía administrativa e contra elas poderase interpor potestativamente recurso de reposición ante a conselleira do Medio Rural e do Mar, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto expreso; ou ben poderá ser impugnada directamente ante o órgano xurisdiccional contencioso-administrativo no prazo de dous meses.



Artigo 15. *Modificación da resolución, reintegro e redución das subvencións*

1. O beneficiario poderá solicitar a modificación da resolución se concorren as circunstancias previstas para tales efectos nas bases reguladoras, de conformidade co previsto no artigo 14 m) da Lei de subvencións de Galicia, e a solicitude deberá presentarse antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.

A modificación poderase autorizar sempre que:

a) A modificación solicitada non desvirtúe a finalidade da axuda e non supoña un incremento do subvencionable.

b) Non exista prexuízo a terceiros.

c) Os novos elementos e circunstancias que motivan a modificación, se concorren na concesión inicial, non suporían a denegación da axuda.

2. No suposto de pagamento indebido, o beneficiario quedará obrigado ao reembolso das cantidades percibidas como subvención máis os xuros de demora, que se calcularán en función do tempo transcorrido entre a finalización do prazo de pagamento para o beneficiario indicado na orde de recuperación, que non poderá fixarse en mais de 60 días entre a data de reembolso ou dedución (Regulamento (UE) nº 937/2012 da Comisión, do 12 de outubro).

3. As infraccións dos beneficiarios rexeranse polo establecido no título IV da Lei 9/2007.

4. Os pagamentos das axudas calcularanse con base no que se considere subvencionable durante os controis administrativos. O organismo competente examinará a solicitude de pagamento presentada polo beneficiario e determinará os importes subvencionables de acordo co seguinte:

a) O importe que pode concederse ao beneficiario en función exclusivamente da solicitude de pagamento.

b) O importe que pode concederse ao beneficiario tras os controis da solicitude de pagamento.

Se o importe establecido en virtude da letra a) supera o importe establecido en virtude da letra b) en máis dun 3 %, aplicarase unha redución ao importe establecido en virtude da letra b). O importe da redución será igual á diferenza entre os dous importes citados.



Non obstante, non se aplicará ningunha redución se o beneficiario pode demostrar que non é responsable da inclusión do importe non subvencionable.

Artigo 16. *Obrigas das entidades beneficiarias*

1. Sen prexuízo das demais obrigas que resulten do capítulo III do título preliminar do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os beneficiarios das subvencións concedidas ao abeiro desta orde quedan obrigados a:

a) Facer constar en todos os documentos e publicidade da actividade o anagrama da Xunta de Galicia, do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente (Magrama) e do Feader. Así mesmo, no desenvolvemento da dita actividade, informáse aos participantes que está financiada pola Consellería do Medio Rural e do Mar, polo Magrama e polo Feader.

b) Comunicar á Secretaría Xeral de Medio Rural e Montes calquera circunstancia ou eventualidade que poida afectar o desenvolvemento da actividade.

c) Levar un sistema de contabilidade separado ou ben un código contable axeitado para todas as transaccións relativas á acción de cooperación subvencionada, tal e como exige o artigo 75.1 c).i do Regulamento (CE) nº 1974/2006.

d) Someterse ás actuacións de supervisión e control que en calquera momento poidan acordar os servizos competentes da Secretaría Xeral de Medio Rural e Montes, tanto no relativo ao desenvolvemento da actividade como á súa xestión e tramitación administrativa.

e) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control. Ademais, ao tratarse de axudas cofinanciadas co fondo Feader, os beneficiarios deberán someterse aos específicos controis administrativos, sobre o terreo e *a posteriori* segundo o recollido no Regulamento (UE) nº 65/2011.

2. Antes do inicio das actividades formativas, as entidades beneficiarias remitirán á Secretaría Xeral de Medio Rural e Montes da Consellería do Medio Rural e do Mar unha comunicación en que se consignen os seguintes datos:

a) Planificación temporal e horaria do programa das actividades que se vaian realizar, datas exactas de inicio e remate e enderezo completo do lugar en que se desenvolverán.

b) A confirmación do persoal técnico que vai impartir a actividade.



c) Datos persoais, enderezo e teléfono da persoa responsable da coordinación e xestión directa da actividade.

d) Solicitude de asistencia de cada alumno, segundo o modelo que se xunta como anexo III.

3. Ao rematar a actividade formativa, as entidades beneficiarias terán a obriga de remitir á Secretaría Xeral de Medio Rural e Montes a seguinte documentación:

a) Xustificantes detallados do gasto segundo se indica no artigo 18.

b) Copia dos controis de presenza nas horas lectivas dos asistentes, segundo o modelo que se xunta como anexo IV, que serán asinados polo profesorado que imparta cada clase e polo persoal coordinador das accións subvencionables.

c) Un exemplar da publicidade empregada no curso cos anagramas correspondentes de cada publicación que se realice e do material didáctico utilizado ou distribuído entre os asistentes.

d) Seguimento das actividades subvencionables segundo o modelo que se xunta como anexo V, debidamente cuberto.

e) Unha enquisa acreditativa da avaliación da calidade da formación impartida, segundo o anexo VI.

Artigo 17. *Controis administrativos e in situ*

1. O cumprimento de todos os compromisos contraídos e das obrigas legais estará sometido a control. As actividades de control consistirán tanto en controis administrativos como en inspeccións *in situ*, segundo o Regulamento (UE) nº 65/2011.

2. O expediente correspondente a cada beneficiario das axudas conterá toda a información relativa aos resultados dos controis administrativos e, se é o caso, das inspeccións *in situ* que xustifiquen que a concesión destas axudas se axustou ao que establece a normativa comunitaria que os regula.

Artigo 18. *Xustificación e pagamento das subvencións*

1. Para a xustificación e o pagamento das subvencións procederáse conforme o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



2. Con carácter xeral, a xustificación da axuda de cada unha das actividades realizarase dentro dos quince días seguintes á súa finalización, e coa data límite do 30 de novembro de 2014.

3. A xustificación da axuda para cada tipo de gasto subvencionable realizarase de acordo coas seguintes normas:

a) Presentación dos recibos ou facturas orixinais correspondentes aos gastos de profesorado ou relatores acompañadas da fotocopia do xustificante de ingreso ou transferencia bancaria na conta de cada perceptor. Ao confeccionar o recibo terase en conta a retención aplicable no imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF).

b) Presentación das facturas orixinais xustificativas dos gastos realizados. Xunto coas facturas, presentaranse os seus correspondentes xustificantes de pagamento.

c) Con carácter xeral, os gastos xustificaranse mediante recibo, factura ou outros documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, xunto coa da fotocopia do xustificante de ingreso ou transferencia bancaria na conta de cada perceptor. Non se admitirán os pagamentos en metálico.

d) As facturas orixinais deberán ter os distintos conceptos que inclúa e o IVE desagregados, ademais de reunir o resto dos requisitos sinalados no Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento das obrigas de facturación.

4. De acordo co establecido no artigo 24.2 do Regulamento (UE) 65/2011 da Comisión, do 27 de xaneiro, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) nº 1698/2005 do Consello, no que respecta á aplicación dos procedementos de control e a condicionalidade en relación coas axudas ao desenvolvemento rural, os controis administrativos das solicitudes de axuda incluírán, entre outras cousas, a moderación dos custos propostos, que se avaliará mediante un sistema adecuado de avaliación. O sistema que se empregará para a moderación dos custos propostos polos beneficiarios na xustificación da axuda será:

a) Para os gastos de profesorado ou relatores, estes non superarán a contía de 60 €/hora.

b) Para o resto dos gastos realizados, a comparación de ofertas diferentes. Para tal fin, os beneficiarios das axudas deberán achegar coa xustificación:

1º. Tres ofertas de diferentes provedores, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o sub-



ministren ou presten, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude de subvención.

2º. Unha memoria xustificativa cando a elección non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

Naqueles casos de custos de pouca contía, poderase substituír o sistema de comparación de ofertas diferentes pola referencia a prezos de mercado ou a bases de datos de prezos.

Malia o anterior, segundo o recollido no artigo 24.2 do Regulamento 65/2011 e o artigo 30.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o órgano xestor poderá comprobar en calquera dos tres sistemas de moderación o valor de mercado dos gastos.

5. No momento da xustificación final do gasto o petionario presentará unha declaración complementaria do conxunto das subvencións solicitadas das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes, así como doutros entes públicos ou privados, tanto das aprobadas e concedidas como das pendentes de resolución, para o mesmo obxecto que corresponde ás subvencións reguladas nesta orde.

6. O persoal da Subdirección Xeral de Formación e Transferencia Tecnolóxica marcará cun selo os recibos e as facturas orixinais presentadas na xustificación, indicando o financiamento con fondos Feader e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención, sinalando neste último caso a contía exacta que resulte afectada pola subvención.

Artigo 19. *Consentimentos e autorizacións*

1. As solicitudes das persoas interesadas deberán achegar os documentos ou informacións previstos nesta norma, salvo que xa estivesen en poder da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia; neste caso, as persoas interesadas poderán acollerse ao establecido na letra f) do artigo 35 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sempre que se faga constar a data e o órgano ou a dependencia en que foron presentados ou, se é o caso, emitidos, e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que correspondan.



Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirir á persoa solicitante ou representante a súa presentación ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

2. A presentación da solicitude de concesión de subvención pola persoa interesada ou representante comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia, segundo o establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 xuño, de subvencións de Galicia. Non obstante, a persoa solicitante ou representante poderá denegar expresamente o consentimento, debendo presentar entón a certificación nos termos previstos regulamentariamente.

3. De conformidade co artigo 13.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a consellería publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, poidan impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

Artigo 20. *Datos de carácter persoal*

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación desta disposición, cuxo tratamento e publicación autorizan as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado «Relacións administrativas coa cidadanía e entidades», cuxo obxecto é xestionar o presente procedemento, así como para informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral Técnica. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Secretaría Xeral Técnica mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Edificio Administrativo de San Caetano, San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela (A Coruña) ou a través dun correo electrónico a secretariaxeraltecnica.cmrn@xunta.es



Disposición adicional primeira

En todo o non previsto nesta orde observarase o sinalado na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, no Regulamento (CE) nº 1698/2005, de Feader, e nos regulamentos (UE) 65/2011, (CE) 1974/2006 e (UE) 679/2011.

Disposición adicional segunda. *Marco programático da orde*

As axudas reguladas na presente orde forman parte do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2007-2013, aprobado mediante Decisión da Comisión C (2008) nº 703, do 15 de febreiro, polo que a presente convocatoria e as súas bases deben axustarse ao contido do programa, así como ao Real decreto 1852/2009, do 4 de decembro, polo que se establecen os criterios para subvencionar os gastos no marco dos programas de desenvolvemento rural cofinanciados polo Feader.

Disposición adicional terceira. *Formularios*

Xúntanse a esta orde os formularios dos anexos I e II, necesarios para solicitar a axuda, e III, IV, V e VI, que empregarán as entidades beneficiarias á hora de solicitar o pagamento e xustificar a axuda. Os ditos formularios poderán descargarse da páxina web <http://medioruralemar.xunta.es/anuncios/axudas>

Disposición derradeira primeira. *Habilitación para o desenvolvemento*

Autorízase o secretario xeral de Medio Rural e Montes para ditar as instrucións necesarias que permitan a aplicación e desenvolvemento desta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación *no Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2014

Rosa María Quintana Carballo
Conselleira do Medio Rural e do Mar





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
E DO MAR

ANEXO I

PROCEDEMENTO AXUDAS A ACTIVIDADES FORMATIVAS E DE TRANSFERENCIA TECNOLÓXICA	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO MR330B	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL NIF

TIPO DE VÍA NOME DA VÍA NÚMERO BLOQUE ANDAR PORTA

CP PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE

TELÉFONO FAX ENDEREZO ELECTRÓNICO

NÚMERO DE SOCIOS OBJECTO SOCIAL

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (non é necesario se coincide co anterior)

TIPO DE VÍA NOME DA VÍA NÚMERO BLOQUE ANDAR PORTA

CP PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE

TELÉFONO FAX ENDEREZO ELECTRÓNICO

DATOS BANCARIOS

Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)

CARACTERÍSTICAS DAS ACCIÓNS SUBVENCIONABLES

TIPO DE BENEFICIARIO

Cooperativa ou asociación de cooperativas SAT Asociación profesional agraria


Asociación de produtores agrarios Outras

TIPO DE ACTIVIDADE

Curso de formación Curso de formación e viaxe didáctica Actividades de divulgación

Proxectos demostrativos

RELACIÓN DE ACTIVIDADES SOLICITADAS

 SEDE ELECTRONICA Este formulario tamén pode presentarse electronicamente na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.es>

CVE-DOG: ba2hwwk1-qiz8-ahn0-5gjf5-6pg2f9gpuju4



XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
E DO MAR

ANEXO I
(continuación)

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA

Non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención da condición de beneficiario de subvencións previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU SE DECLARA ESTAR EN PODER DA ADMINISTRACIÓN ACTUANTE

<input type="checkbox"/> Ficha de cada actividade solicitada (anexo II).				
<input type="checkbox"/> Persoal técnico responsable da acción que se vai realizar.				
<input type="checkbox"/> Memoria explicativa da acción para a cal se solicita a axuda.				
	PRESENTADO	CÓD. PROC.	EXpte.	ANO
<input type="checkbox"/> Copia dos estatutos sociais.	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Documentación acreditativa da representatividade para asinar a solicitude.	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Copia do NIF da entidade.	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Copia da póliza de seguro de responsabilidade civil ou compromiso de subscribida.	<input type="checkbox"/>			

Autorizo a Consellería do Medio Rural e do Mar, de conformidade co artigo 35.f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e o artigo 4 da Orde do 12 de xaneiro de 2012 pola que se regula a habilitación de procedementos administrativos e servizos na Administración xeral e no sector público autonómico de Galicia, para consultar a documentación indicada anteriormente.

Así mesmo, declaro que a devandita documentación está vixente e que non transcorreron máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que corresponde.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Xunta de Galicia, cuxa finalidade é a xestión e rexistro deste procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Secretaría Xeral Técnica, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico a secretariaxeraltecnica.cmrmm@xunta.es.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 10 de setembro de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para o desenvolvemento de accións formativas e de transferencia tecnolóxica por entidades asociativas vinculadas ao sector agrario, cofinanciada co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2007-2013, e se convocan para o ano 2014.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data _____, _____ de _____ de _____



Secretaría Xeral de Medio Rural e Montes

 SEDE ELECTRONICA Este formulario tamén pode presentarse electronicamente na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.es>

CVE-DOG: ba2hwwk1-qiz8-ah0-5gjf5-6pg2f9gpuju4



XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
E DO MAR

ANEXO II

FICHA TÉCNICA DA ACTIVIDADE

TIPO DE ACTIVIDADE

 Curso de formación Curso de formación e viaxe didáctica Actividades de divulgación Proxectos demostrativos

TÍTULO

OBJECTIVOS

COLECTIVO A QUE VAI DIRIXIDA A ACTIVIDADE E CRITERIOS DE SELECCIÓN

ORZAMENTO

EXPERIENCIA DA ENTIDADE EN ACTIVIDADES SIMILARES

RESUMO DO PROGRAMA E BREVE DESCRICIÓN DA VIAXE FORMATIVA, EN CASO DE INCLUÍLA



ANEXO III

Solicitude de asistencia á acción formativa ou de transferencia tecnolóxica

I. DATOS PERSONAIS DO/A SOLICITANTE

APELIDOS E NOME		NIF	SEXO <input type="checkbox"/> HOME <input type="checkbox"/> MULLER	DATA DE NACEMENTO
ENDEREZO		PROVINCIA	CONCELLO	
CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO	

II. ACCIÓN FORMATIVA SOLICITADA

TÍTULO DA ACTIVIDADE	
ENTIDADE ORGANIZADORA	
LUGAR DE REALIZACIÓN	
DATA DE REALIZACIÓN	Nº DE DÍAS DE REALIZACIÓN
Do _____ a _____	_____

III. TEN SOLICITADA AXUDA POR INCORPORACIÓN OU MELLORA	<input type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> NON
--	-----------------------------	------------------------------

IV. NIVEL DE ESTUDOS

<input type="checkbox"/> SEN ESTUDOS	<input type="checkbox"/> FP DA FAMILIA AGRARIA
<input type="checkbox"/> ESTUDOS PRIMARIOS	<input type="checkbox"/> SECUNDARIA
<input type="checkbox"/> SECUNDARIA OBRIGATORIA	<input type="checkbox"/> UNIVERSITARIA

V. SITUACIÓN LABORAL

<input type="checkbox"/> OCUPADO	<input type="checkbox"/> MÁIS DUN ANO	<input type="checkbox"/> MENOS DUN ANO
<input type="checkbox"/> PARADO		
<input type="checkbox"/> OUTROS		

VI. ACTIVIDADE

<input type="checkbox"/> AGRARIA
<input type="checkbox"/> ALIMENTARIA
<input type="checkbox"/> FORESTAL

VII. OUTROS

<input type="checkbox"/> DISCAPACITADO	Grao: _____
<input type="checkbox"/> INMIGRANTE	Pais de orixe: _____
Lugar e data	
_____, ____ de _____ de 20__	
Asdo.: _____	

CVE-DOG: ba2hwwk1-qiz8-alh0-5gj5-6pg2f9gpuju4



ANEXO IV
Control de presenza (I)

Actividade subvencionable: _____

Desenvolvida en: _____ desde _____ ata _____, cunha duración de _____ horas.

Entidade beneficiaria: _____ Organiza _____

Data: _____

Temas impartidos:

Profesorado:

Nº	APELIDOS E NOME DE ALUMNOS (por orde alfabética)	SINATURA INICIO DE ACTIVIDADE	SINATURA FINAL DE ACTIVIDADE
1			
2			
3			
4			
5			
6			
7			
8			
9			
10			
11			
12			
13			
14			
15			



Control de presenza (II)

Nº	APELIDOS E NOME DE ALUMNOS (por orde alfabética)	SINATURA INICIO DE ACTIVIDADE	SINATURA FINAL DE ACTIVIDADE
16			
17			
18			
19			
20			
21			
22			
23			
24			
25			
26			
27			
28			
29			
30			

Lugar e data

_____, ____ de _____ de 20__

O/A coordinador/a

O/A profesor/a

Asdo.: _____.

Asdo.: _____.





ANEXO V
Seguimento das actividades subvencionables

Denominación da actividade subvencionable:				Entidade beneficiaria:			
Lexislación aplicable, orde do (data):				Organiza:			
DOG nº:		do:					
En:		Desde o día:		Ata o día:		Coordinado por:	

RELACIÓN DE ALUMNOS (I)

Nº	APELIDOS E NOME (Alfabeticamente)	NIF	DATA DE NACEMENTO	LOCALIDADE DE RESIDENCIA	EN PARO		PARTICIPANTE PROCEDENTE DO SECTOR:			RESULTADO CONSEGUIDO NA ACTIVIDADE	
					SI	NON	AGRICULTURA	ALIMENTACIÓN	SILVICULTURA	APROBADO E OBTENCIÓN DUN CERTIFICADO, TÍTULO OU DIPLOMA	APLICACIÓN PRÁCTICA DAS CAPACIDADES ADQUIRIDAS
1											
2											
3											
4											
5											
6											
7											
8											
9											
10											
11											
12											
13											
14											
15											



RELACIÓN DE ALUMNOS (II)

Nº	APELLIDOS E NOME (Alfabeticamente)	NIF	DATA DE NACEMENTO	LOCALIDADE DE RESIDENCIA	EN PARO		PARTICIPANTE PROCEDENTE DO SECTOR:			RESULTADO CONSEGUIDO NA ACTIVIDADE	
					SI	NON	AGRICULTURA	ALIMENTACIÓN	SILVICULTURA	APROBADO E OBTENCIÓN DUN CERTIFICADO, TÍTULO OU DIPLOMA	APLICACIÓN PRÁCTICA DAS CAPACIDADES ADQUIRIDAS
16											
17											
18											
19											
20											
21											
22											
23											
24											
25											
26											
27											
28											
29											
30											

Lugar e data

_____ de _____ de 20__

O/A coordinador/a

Asdo.: _____



ANEXO VI

Modelo de enquisa para avaliación da actividade formativa ou de transferencia tecnolóxica

Nome do curso:

Entidade beneficiaria:

Expediente:

Por favor, marque o valor que reflicta mellor a súa opinión sobre as seguintes afirmacións, tendo en conta que 1 é o valor que reflicte menor grao de acordo coa frase e 5 é o valor que reflicte maior acordo.

	1	2	3	4	5	Non contesta
1. Contidos do curso						
1. Os contidos impartidos axustáronse aos obxectivos do curso.....	1	2	3	4	5	NC
2. O nivel de profundidade no tratamento dos contidos foi axeitado.....	1	2	3	4	5	NC
3. O balance entre contido teórico e práctico foi axeitado.....	1	2	3	4	5	NC
2. Materiais do curso						
1. No curso empregáronse materiais que axudaron a seguir o seu contido...	1	2	3	4	5	NC
2. Os materiais didácticos utilizados no curso foron os apropiados (actualizados, completos, comprensibles, ...).....	1	2	3	4	5	NC
3. Instalacións, medios técnicos e horario do curso						
1. O número de horas diarias foi adecuado.....	1	2	3	4	5	NC
2. As instalacións onde se impartiu o curso reunían as condicións adecuadas para o seu desenvolvemento.....	1	2	3	4	5	NC
3. Os medios técnicos (encerado, pantallas, proxectores, TV, vídeo, ordenadores, programas...) foron suficientes para o desenvolvemento do curso.....	1	2	3	4	5	NC
4. Os medios técnicos funcionaron correctamente durante o curso.....	1	2	3	4	5	NC

Nesta actividade formativa, entregáronse materiais didácticos de apoio?

Si Non NS/NC

Do total de horas formativas recibidas nesta actividade, cal diría vostede que foi a porcentaxe de horas dedicada a contidos prácticos? (considéranse contidos prácticos tanto a exposición por parte do docente de supostos, casos, demostracións ou experiencias aplicadas, como os exercicios, dinámicas en grupo ou traballos desenvolvidos polo alumnado).

Menos dun 25 % Entre un 25 % e un 34 % Entre un 35 % e un 44 %

Entre un 45 % e un 54 % Máis dun 55 % NS/NC

CVE-DOG: bazhwwk1-qiz8-alh0-5gj5-6pg2f9gpuju4



Valoración da actividade do/a docente

Cualifique cada un dos/as profesores/as que deron o curso cos seguintes enunciados, tendo en conta que 1 é o valor que reflicte menor grao de acordo coa frase e 5 é o valor que reflicte maior acordo.

Nome do/a docente:
Horas impartidas polo/a docente:

O/a profesor/a ...	1	2	3	4	5	Non contesta
1. Expón con claridade os contidos do curso	1	2	3	4	5	NC
2. Motiva e esperta o interese dos asistentes polas materias que imparte.....	1	2	3	4	5	NC
3. Resolve eficazmente as dúbidas dos asistentes	1	2	3	4	5	NC
4. Cumpre axeitadamente o horario establecido.....	1	2	3	4	5	NC
5. Valoración global do/a profesor/a.....	1	2	3	4	5	NC

Nome do/a docente:
Horas impartidas polo/a docente:

O/a profesor/a ...	1	2	3	4	5	Non contesta
1. Expón con claridade os contidos do curso	1	2	3	4	5	NC
2. Motiva e esperta o interese dos asistentes polas materias que imparte.....	1	2	3	4	5	NC
3. Resolve eficazmente as dúbidas dos asistentes	1	2	3	4	5	NC
4. Cumpre axeitadamente o horario establecido.....	1	2	3	4	5	NC
5. Valoración global do/a profesor/a.....	1	2	3	4	5	NC

Nome do/a docente:
Horas impartidas polo/a docente:

O/a profesor/a ...	1	2	3	4	5	Non contesta
1. Expón con claridade os contidos do curso	1	2	3	4	5	NC
2. Motiva e esperta o interese dos asistentes polas materias que imparte.....	1	2	3	4	5	NC
3. Resolve eficazmente as dúbidas dos asistentes	1	2	3	4	5	NC
4. Cumpre axeitadamente o horario establecido.....	1	2	3	4	5	NC
5. Valoración global do/a profesor/a.....	1	2	3	4	5	NC

Nome do/a docente:
Horas impartidas polo/a docente:

O/a profesor/a ...	1	2	3	4	5	Non contesta
1. Expón con claridade os contidos do curso	1	2	3	4	5	NC
2. Motiva e esperta o interese dos asistentes polas materias que imparte.....	1	2	3	4	5	NC
3. Resolve eficazmente as dúbidas dos asistentes	1	2	3	4	5	NC
4. Cumpre axeitadamente o horario establecido.....	1	2	3	4	5	NC
5. Valoración global do/a profesor/a.....	1	2	3	4	5	NC



Valoración xeral do curso

1. Considera que a duración do curso foi...

Demasiado extensa Demasiado curta
 O curso tivo a duración axeitada Non contesta

2. En xeral, valoraría a calidade do curso realizado como... (marque a opción adecuada)

Moi boa Regular Moi mala
 Boa Mala Non contesta

3. Marque o valor que reflicta mellor a súa opinión sobre as seguintes afirmacións, tendo en conta que 1 é o valor que reflicte menor grao de acordo coa frase e 5 é o valor que reflicte maior acordo.

	1	2	3	4	5	Non contesta
1. O proceso de inscrición e matrícula no curso foi claro e sinxelo.....	1	2	3	4	5	NC
2. A organización do curso foi axeitada (información previa, horario, resolución de incidencias ...)	1	2	3	4	5	NC
3. Este curso resultoume interesante.....	1	2	3	4	5	NC
4. Este curso mellorou a miña formación.....	1	2	3	4	5	NC
5. Os coñecementos adquiridos serán aplicables ao posto de traballo que ocupo na actualidade	1	2	3	4	5	NC
6. En conxunto estou satisfeito/a de ter feito este curso.....	1	2	3	4	5	NC

4. Considera que o esforzo investido para a realización deste curso valeu a pena?

Si Non Non contesta

5. Recomendaría aos seus compañeiros, coñecidos ou amigos a realización deste curso?

Si Non Non contesta

Planificación futura deste curso

1. Cantas horas cre que debería durar este curso? _____ horas

2. Tendo en conta a materia impartida no curso, cal cre que sería a modalidade máis conveniente na cal ofertar este curso?

Presencial Teleformación Mixta Non contesta

Proposta de actividades formativas

Indique dous cursos que lle gustaría que se impartisen o próximo ano e que serían os máis convenientes para o seu desenvolvemento persoal e profesional. Seleccione o modo en que lle gustaría recibir a dita formación.

1. _____ Presencial Mixto
 Teleformación

2. _____ Presencial Mixto
 Teleformación

Datos do/a alumno/a:

Idade: Menos de 25 anos Entre 41 e 50 anos Non contesta
 Entre 25 e 30 anos Entre 51 e 65 anos
 Entre 31 e 40 anos Máis de 65 anos

Sexo: Muller Home Non contesta

Máximo nivel de estudos acadado:

Estudos primarios Formación profesional nivel I Licenciatura/Enxeñaría superior
 EXB ou ESO Formación profesional nivel II ou III Non contesta
 Bacharelato Diplomatura/Enxeñaría técnica

Xa por último, se ten algún aspecto do curso que comentar, por favor fágao a seguir.

MOITAS GRAZAS POLA SÚA COLABORACIÓN

CVE-DOG: ba2hwwk1-qiz8-ah0-5g15-6pg2f9gguju4

